



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LAXE

Convocatoria de elección de xuíz de paz titular do Concello de Laxe

1. Obxecto da convocatoria

Elección de xuíz de paz deste concello

2. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

Lugar:

- As solicitudes para participar neste proceso selectivo axustaranse ao modelo que figura no Anexo I desta convocatoria, na que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de 09:00 h a 14:00 h.
- As instancias tamén se poderán presentar na forma que determina a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; neste caso, os/as aspirantes deberán comunicalo mediante mail (a correo@laxe.es) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

Prazo:

15 días hábiles a contar dende o seguinte o da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (BOP).

3. Condicións legais dos solicitantes.

- Ser español.
- Ser maior de idade.
- Non estar incurso nalgúnhas das causas de incapacidade previstas no artigo 303 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.
- Non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou prohibicións reguladas nos artigos 389 a 397 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, e de conformidade co previsto nos artigos 14 e seguintes do Regulamento número 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de Paz.

4. Documentación a achegar coa solicitude.

1. Certificado de nacemento ou fotocopia compulsada do DNI
2. Certificado de antecedentes penais expedido polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes, e declaración complementaria á que fai referencia a Lei 68/1980, do 1 de decembro, de non estar inculcado ou procesado.
3. Declaración xurada de reunir os requisitos legais para acceder ao nomeamento e non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade para exercer o cargo de Xuíz de Paz.
4. Xustificación dos méritos que alegue o/a solicitante

Laxe, 16 de marzo de 2023

O alcalde, José Luis Pérez Añón

2023/1921